

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Cruz González, M^a Montserrat
Currás Valle, Consuelo
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Ferro Soto, Antonio Carlos
Lavilla Beltrán, Isela
Montero Reguera, José Francisco
Pardo Froján, Juan E.
Reboreda Morillo, Susana
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Torres Romay, Emma

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Falagán Mota, Jorge
Lorenzo Rodríguez, Edita de
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Porteiro Fresco, Jacobo
Rivo López, Elena
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar
González Santamaría, Pedro
Torres Outón, Sara M^a

ESTUDANTES

Carro Parafita, Pedro Manuel
Couto Cancela, Daniel
Diz Folgar, Manuel
Ramos Vázquez, Antonio Manuel
Vázquez Alonso, Aroa

PAS

Cebro Rodríguez, Xoan
Estévez Orge, Marcos

CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María
Pérez Gómez, Luis
Ríos Santomé, M^a José
Vera Isasa, María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Fernández Suárez, Emilio Manuel
García Cutrín, Francisco Javier

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 25 de xuño de 2021, convocada para ás 10:30 h. en primeira convocatoria e ás 11:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 11:00 do día 25 de xuño de 2021 comeza a sesión, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e outros membros do equipo de goberno asisten presencialmente no Paraninfo, xunto coas persoas que así o solicitaron con carácter previo. Os restantes asistentes conéctanse en liña, sen que consten particulares incidencias. Permítese asistir virtualmente, sen voz e sen voto, mediante un sistema de streaming con contrasinal por UVigo TV. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.

NORMAS

Conexión do micro e do vídeo:

- Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)

- Nas quendas de palabra.

Intervencións: máximo 5 minutos

Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.

En cada punto:

- Proposta de aprobación por asentimento

- Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)

- Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento

- Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado

- Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día. Previamente o reitor avisa de que posiblemente retirárase o punto oitavo, á espera de atopar unha solución negociada ao mesmo.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondentes á sesión ordinaria do 14 de maio de 2021 e á sesión extraordinaria do 03 de xuño de 2021.

O reitor informa de que non se recibiron alegacións ás actas, polo que solicita a súa aprobación por asentimento.

Apróbanse ambas actas por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Plan de financiamento: está próximo un acordo entre a Consellería e as Universidades.
- Mapa de titulacións: aspírase ao máximo consenso no sistema galego. Hai que manexar distintos criterios, procedentes da Consellería e do acordo entre as Universidades, que xa foron acordados. Haberá que traballar nas iniciativas de titulacións e fala en concreto do grao en intelixencia artificial, que se compartirá entre as tres Universidades do SUG. Expón brevemente cales son os criterios, entre outros, a demanda profesional, o profesorado dispoñible ou a contorna social.
- Homenaxe a Xela Arias no marco do Día das Letras Galegas nos tres Campus. Na do Campus de Ourense estiveron presentes os familiares da autora.
- Cátedra Institucional de Finanzas Autonómicas dirixida por Santiago Lago.
- Acordo para continuar a labor de Xavier Gómez Guinovart.
- Presentación do estado de desenvolvemento do Inventario Forestal de Galicia onde interviñeron expertos da Universidade de Vigo, como Juan Picos.
- Conflito no máster proposto pola facultade de Fisioterapia: promoverase unha segunda negociación, á vista do escaso éxito da primeira. Se recibirá asesoramento externo dunha xurista experta.
- Inauguración do Edificio Redeiras, na praza do Berbés.
- Xuntanza no instituto de Nanotecnoloxía de Braga sobre o Iberian Agro-Food Lab (laboratorio transfronteirizo) no marco do Workshop on Iberian Cooperation.
- No pleno do “Consejo de Universidades” non se tomou ningunha decisión, simplemente informou o Ministro de Universidades sobre distintas iniciativas legislativas, en particular, a nova Ley Orgánica do Sistema Universitario (LOSU).
- Asinouse o Convenio Erasmus coa Deputación de Pontevedra, dotado con 100.000 euros, que se reciben ao inicio da estadía. Agradece a colaboración da Deputación.
- Celebración da VII Xornada Universitaria Galega en Xénero.
- Celebración do acto de xubilación do persoal da Universidade de Vigo, onde interviñeron Ángeles Carballo en representación do PAS e Jesús de Juana polo PDI.

- Proxectos en marcha no marco dos fondos NG ou do Ministerio: fábrica de baterías (Zona Franca); Laboratorio cuántico; fábrica de chips fotónicos; investigación mariña; e dixitalización de Universidades.
- Informa sobre a convocatoria de recualificación do Ministerio de Universidades, que esixirá posiblemente un Consello de Goberno extraordinario. Debe aprobarse antes do 5 de xullo.
- Cátedra de feminismos 4.0 financiada pola Deputación de Pontevedra.
- Informa sobre a funcionarización do PAS laboral: hai unha oferta desde a Xerencia que agárdase sexa ben vista pola representación sindical. Pensa que se trata dun bo acordo, co máximo consenso posible.

3. Aprobación, se procede, das contas anuais correspondentes ao 2020.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía quen procede a explicar as contas anuais:

A evolución dos orzamentos da Universidade de Vigo para o exercicio 2020 reflicte a consecución dunha estabilidade orzamentaria suficiente para garantir a actividade da institución. O orzamento do exercicio 2020 vén incrementado pola subida salarial e polo aumento da consecución de axudas externas para a investigación e a eficiencia enerxética

Cadro 1. Evolución do orzamento e das súas modificacións 2014-20120 (euros)

| | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 |
|-------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| Orzamento inicial | 159.655.119 | 165.203.557 | 160.586.524 | 165.325.488 | 172.552.088 | 182.535.089 | 194.995.837 |

O indicador sobre a execución financeira a respecto dos orzamentos recoñecidos e sobre a execución dos cobros ou dos pagos amosa a boa situación da universidade no transcurso do Plan 2016-2020.

Cadro 36. Execución do orzamento de ingresos (euros)

| | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 |
|-------------------------------|----------------|----------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| A. Dereitos recoñecidos netos | 151.027.719,53 | 153.759.723,30 | 158.340.392 | 161.338.146 | 165.049.892 | 167.405.507 |
| B. Previsións definitivas | 178.979.895,76 | 172.419.844,91 | 177.738.147 | 185.794.372 | 196.594.423 | 209.395.755 |
| C. Indicador (A/B) | 0,84 | 0,89 | 0,89 | 0,87 | 0,84 | 0,80 |

Cadro 34. Realización de pagamentos (euros)

| | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 |
|--------------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| A. Pagamentos realizados | 155.009.911,20 | 149.958.991,92 | 156.993.954,28 | 164.126.692,59 | 169.694.366,62 | 170.654.684,08 |
| Obrigas recoñecidas | 155.218.186,04 | 149.968.828,83 | 157.064.633,37 | 164.126.692,59 | 169.720.773,30 | 170.681.126,09 |
| C. Indicador (A/B) | 1 | 1,00 | 1,00 | 1,00 | 1,00 | 1,00 |

A conta anual contén os seguintes documentos:

Balance da situación:

- Conta do resultado económico patrimonial
- Estado dos cambios no patrimonio
- Estado dos fluxos de efectivo
- Liquidación do orzamento e memoria

O proceso de formulación e a posterior aprobación da conta consiste en:

1. Formulación polos servizos económicos universitarios dirixidos pola Vicerreitoría de Economía e pola Xerencia.
2. Aprobación polo Consello de Goberno, de ser o caso.
3. Aprobación polo Consello Social xunto co informe de auditoría, de ser o caso. Na comisión e no pleno.
4. Remisión á Xunta de Galicia antes do 30 de xuño de 2021.

O orzamento definitivo de ingresos da Universidade de Vigo acadou os 209.395.755 €. Isto supón un 7,38 % máis que a cifra inicialmente estimada.

Á vista do principio de equilibrio orzamentario, o orzamento definitivo de gastos acada o mesmo importe que o de ingresos. Esta cifra implica un incremento dun 6,51 % con respecto ao exercicio precedente.

Cadro 5: Orzamento de gastos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2020 (euros)

| Capítulos | Créditos iniciais | Modificacións | Créditos definitivos |
|---|-------------------|---------------|----------------------|
| I. Gastos de persoal | 112.996.556 € | - 24.830 € | 112.971.726 € |
| II. Gastos correntes en bens e servizos | 30.860.311 € | 2.894.764 € | 33.755.075 € |
| III. Gastos financeiros | 789.450 € | - € | 789.450 € |



UNIVERSIDADE
DE VIGO

| | | | |
|-----------------------------------|----------------------|---------------------|----------------------|
| IV. Transferencias correntes | 7.076.396 € | 517.194 € | 7.593.590 € |
| V. Fondo de continxencia | 150.000 € | - 119.887 € | 30.113 € |
| OPERACIÓNS CORRENTES | 151.872.713 € | 3.267.240 € | 155.139.953 € |
| VI. Investimentos reais | 41.883.124 € | 10.272.678 € | 52.155.802 € |
| VII. Transferencias capital | | 860.000 € | 860.000 € |
| OPERACIÓNS DE CAPITAL | 41.883.124 € | 11.132.678 € | 53.015.802 € |
| OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS | 193.755.837 € | 14.399.918 € | 208.155.755 € |
| VIII. Activos financeiros | 140.000 € | - € | 140.000 € |
| IX. Pasivos financeiros | 1.100.000 € | - € | 1.100.000 € |
| OPERACIÓNS FINANCEIRAS | 1.240.000 € | - € | 1.240.000 € |
| TOTAL | 194.995.837 € | 14.399.918 € | 209.395.755 € |

A análise da evolución do orzamento inicial e definitivo e das súas modificacións, nos exercicios 2015 a 2020, reflíctese no seguinte cadro.

- Cómpre mencionar que as modificacións orzamentarias no ano 2020 sufriron un ascenso debido á maior incorporación de remanentes dos proxectos de investigación e á xeración de créditos pola consecución de fondos alleos, sobre todo derivados da covid-19.
- Convén salientar o comportamento do apartado de incorporación de remanentes, unha materia de especial relevancia para o cómputo do déficit segundo o Sistema Europeo de Contas. O dato reflicte un pequeno incremento debido á prórroga das axudas á infraestrutura científica das anualidades 2018 e 2019.

O resultado orzamentario do exercicio acada a cifra de -3.275.618,66 € e, ao engadirse os axustes, o resultado orzamentario axustado acada a cifra de +7.597.111,96 €.

Cadro 6. Resultado orzamentario. Ano 2020 (euros)

| CONCEPTOS | DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS | OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS | AXUSTES | RESULTADO ORZAMENTARIO |
|--------------------------|----------------------------------|---------------------------------|---------|---------------------------|
| a. Operacións correntes | 148.450.138,94 € | 139.102.273,56 € | | 9.347.865,38 € |
| b. Operacións de capital | 18.805.100,59 € | 30.752.879,46 € | | -11.947.778,87 € |
| c. Operacións comerciais | | | | 0,00 € |



UNIVERSIDADE
DE VIGO

| | | | | |
|--|-------------------------|-------------------------|----------------------|------------------------|
| 1. Total de operacións non financeiras (a+b+c) | 167.255.239,53 € | 169.855.153,02 € | | -2.599.913,49 € |
| d. Activos financeiros | 150.267,90 € | 41.185,00 € | | 109.082,90 € |
| e. Pasivos financeiros | | 784.788,07 € | | -784.788,07 € |
| 2. Total de operacións financeiras (d+e) | 150.267,90 € | 825.973,07 € | | -675.705,17 € |
| I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2) | 167.405.507,43 € | 170.681.126,09 € | | -3.275.618,66 € |
| AXUSTES: | | | | |
| 3. Créditos gastados con cargo ao remanente de tesouraría non afectado | | | 5.700.999,00 € | |
| 4. Desviacións negativas de financiamento | | | 7.571.535,59 € | |
| 5. Desviacións positivas de financiamento | | | -2.399.803,97€ | |
| II. TOTAL AXUSTES (3+4+5) | | | 10.872.730,6€ | |
| RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II) | | | | 7.597.111,96 € |

A comparativa dos ingresos (dereitos recoñecidos) por capítulos, entre os anos 2020 e 2019.

Cadro 8. Comparativo dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2020 e 2019 (euros)

| Capítulos | 2020 | 2019 | % de variación |
|---|--------------------|--------------------|----------------|
| III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 15.822.355 | 16.754.752 | -5,56% |
| IV. Transferencias e subvencións correntes | 132.480.553 | 124.458.914 | 6,45% |
| V. Ingresos patrimoniais | 147.230 | 211.737 | -30,47% |
| OPERACIÓNS CORRENTES | 148.450.139 | 141.425.403 | 4,97% |
| VI.- Enaxenación de investimentos reais | 0 | 0 | |
| VII.-Transferencias e subvencións capital | 18.805.101 | 23.569.134 | -20,21% |
| OPERACIÓNS DE CAPITAL | 18.805.101 | 23.569.134 | -20,21% |
| OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS | 167.255.240 | 164.994.537 | 1,37% |
| VIII. Variación de activos financeiros | 150.268 | 55.355 | 171,46% |
| IX. Variación de pasivos financeiros | 0 | 0 | |
| OPERACIÓNS FINANCEIRAS | 150.268 | 55.355 | 171,46% |



UNIVERSIDADE
DE VIGO

| | | | |
|--------------|--------------------|--------------------|--------------|
| TOTAL | 167.405.507 | 165.049.892 | 1,43% |
|--------------|--------------------|--------------------|--------------|

A comparativa dos gastos (obrigas contraídas) por capítulos, entre os anos 2020 e 2019, amosa a continuidade sobre as decisións de xestión adoptadas e o grao de execución destas ao longo de cada exercicio.

Cadro 10. Comparativo dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2020 e 2019 (euros)

| Capítulos | 2020 | 2019 | % de variación |
|---|--------------------|--------------------|-----------------------|
| I. Gastos de persoal | 111.808.431 | 107.360.891 | 4,14% |
| II. Gastos correntes en bens e servizos | 21.963.495 | 25.412.964 | -13,57% |
| III. Gastos financeiros | 269.971 | 1.203.001 | -77,56% |
| IV. Transferencias correntes | 5.060.376 | 6.045.443 | -16,29% |
| OPERACIÓNS CORRENTES | 139.102.274 | 140.022.300 | -0,66% |
| VI. Investimentos reais | 30.181.462 | 28.121.032 | 7,33% |
| VII. Transferencias de capital | 571.417 | 0 | -- |
| OPERACIÓNS DE CAPITAL | 30.752.879 | 28.121.032 | 9,36% |
| OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS | 169.855.153 | 168.143.332 | 1,02% |
| VIII. Activos financeiros | 41.185 | 70.561 | -41,63% |
| IX. Pasivos financeiros | 784.788 | 1.506.880 | -47,92% |
| OPERACIÓNS FINANCEIRAS | 825.973 | 1.577.442 | -47,64% |
| TOTAL | 170.681.126 | 169.720.773 | 0,57% |

O remanente de tesouraría empeora lixeiramente os niveis do exercicio 2019 debido a dúas causas: o pago dos investimentos en eficiencia enerxética cobrados en 2021 e os pagos das infraestruturas científicas xustificadas en 2021, pero gastados e pagados en 2020.

A conta do resultado económico patrimonial amosa unha gran melloría do resultado do exercicio debido a un axuste na amortización do inmovilizado, tal e como se comenta na memoria.

Cadro 12. Conta do resultado económico patrimonial da UVigo 2020 (euros)

| DESCRICIÓN | Exercicio 2020 | Exercicio 2019 |
|---|-----------------------|-----------------------|
| 1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais | | |
| 2. Transferencias e subvencións recibidas | 146.465.767,92 | 142.418.406,91 |
| 3. Ventas netas e prestación de servizos | 15.003.829,63 | 15.500.005,20 |
| 6. Outros ingresos de xestión ordinaria | 6.760.120,63 | 9.125.457,29 |
| A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA | 168.229.718,18 | 167.043.869,40 |
| 8. Gastos de persoal | 124.396.874,28 | 120.256.435,79 |
| 9. Transferencias e subvencións concedidas | 5.614.145,17 | 6.025.861,33 |
| 11. Outros gastos de xestión ordinaria | 27.829.283,62 | 32.568.612,41 |
| 12. Amortizacións de inmovilizado | 11.008.499,34 | 19.005.245,08 |
| B) TOTAL GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA | 168.848.802,41 | 177.856.154,61 |
| I . Resultado da xestión ordinaria (A-B) | -619.084,23 | -10.812.285,21 |
| 13. Deterioro do valor e resultados pola enaxenación do inmovilizado non financeiro e activos | -2.413,64 | 518.121,35 |
| 14. Outras partidas non ordinarias | 78.261,77 | 77.979,45 |
| II . Resultado das operacións non financeiras (I -13+14) | -543.236,10 | -10.216.184,41 |
| 15. Ingresos financeiros | 8,13 | 9.619,81 |
| 16. Gastos financeiros | -148.746,33 | -1.183.564,34 |
| 20. Deterioro do valor, baixas e enaxenacións de activos e pasivos financeiros | -515.711,13 | -1.141.080,94 |
| III . Resultado das operacións financeiras (15-16-20) | -664.449,33 | -2.315.025,47 |
| IV. Resultado neto do exercicio (II+III) | -1.207.685,43 | -12.531.209,88 |

O balance da situación amosa a solidez da posición da universidade, detallado nos indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios.

O estado de fluxos de efectivo amosa o saldo de tesouraría o 31 de decembro de 2020, levemente inferior ao 2019, froito dos anticipos para afrontar os pagos das infraestruturas científicas e os investimentos en eficiencia enerxética.

Cadro 14. Estado de fluxos de efectivo da UVigo 2020-2019 (euros)

| DESCRICIÓN | Exercicio 2020 | Exercicio 2019 |
|--|-----------------------|-----------------------|
| I. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE XESTIÓN (A-B) | 5.048.309,82 | -2.476.670,59 |
| A) Cobros | 166.532.669,47 | 161.501.461,05 |
| B) Pagos | 161.484.359,65 | 163.978.131,64 |
| II . FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO (C-D) | -12.359.979,46 | -9.209.060,59 |
| C) Cobros | 150.919,20 | 57.580,16 |
| D) Pagos | 12.510.898,66 | 9.266.640,75 |
| III. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO (G-H) | -64.517,58 | 6.850,78 |
| G) Cobros por emisión de pasivos financeiros | 4.359,00 | 68.374,88 |
| H) Pagos por reembolso de pasivos financeiros | 68.876,58 | 61.524,10 |
| IV. FLUXOS DE EFECTIVO PENDENTES DE CLASIFICACIÓN | -1.400,23 | -17.875,00 |
| VI. INCREMENTO/DIMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO | -7.377.587,45 | -11.696.755,40 |
| Efectivo e activos líquidos equivalentes ao inicio do exercicio | 28.488.934,97 | 40.185.690,37 |
| Efectivo e activos líquidos equivalentes ao final do exercicio | 21.111.347,52 | 28.488.934,97 |

Apróbanse por asentimento as contas anuais correspondentes ao 2020.

4. Aprobación, se procede, das medidas sobre o inicio do curso académico 2021/22 nos centros docentes da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, que pasa a expoñer as medidas, comezando polas xuntanzas mantidas a este respecto co SERGAS e a Secretaría Xeral de Universidades. En primeiro lugar, se cambia o título do documento respecto do ano pasado (xa non son extraordinarias e urxentes, tan só medidas extraordinarias). Expón a estrutura do documento e os cambios principais respecto do curso anterior, no que se aprecia o cambio a unha normalidade aínda que non total, só adaptada.

Deste xeito, as principais liñas que inspiran as medidas son as seguintes:

- O curso comezará en situación de normalidade adaptada (limitacións de aforo fixadas pola Xunta e medidas sanitarias), baseándose no seguinte:
 - o Aforos de inicio de curso: 50% para bancadas fixas e 1,2 metros mobiliario non fixo.
 - o Presencialidade total, salvo imposibilidade material por aforos.
- Modalidade mixta ou non presencial: situacións puntuais e localizadas de curta duración.
- Adaptación das guías docentes:
 - o Escenario de normalidade adaptada (presencialidade previa á pandemia).
 - o Addenda con plan de continxencia para restricións puntuais de curta duración.
- Adaptación dos PPCCs á nova situación.

Apróbanse por unanimidade as medidas propostas.

5. Aprobación, se procede, das solicitudes de novo profesorado emérito e de renovación do actual.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen pasa a expoñer o punto.

Hai unha solicitude nova de José Chavete Rodríguez:

- Catedrático de Universidade: Área de Pintura
- 38 anos de servizo activo (≥ 30)
- 6 Quinquenios (=6)
- 19 teses dirixidas (≥ 12)
- 8 puntos (≥ 6)
- Consello de Departamento: 5 de abril

Non hai solicitudes de prórroga.

Apróbase por asentimento a solicitude presentada.

6. Aprobación, se procede, de primeiras edicións de cursos de especialista.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen pasa a expoñer as solicitudes:

I Curso superior de Autonomía de Mozas e Mozas no Sistema de Protección:

- Facultade de Educación e Traballo Social
- 23/09/2021
- 36 créditos
- 18 prazas
- Presencial
- Taxas: 686€



- Entidade colaboradora: IGAXES (Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector).

I Curso de especialista en Innovación Educativa para unha Educación Transformadora no Ámbito Escolar e Comunitario:

- Escola Aberta de Formación Permanente
- 01/10/2021
- 28'5 créditos
- 50 prazas
- Semipresencial
- 750€
- Entidade colaboradora: Universidade de Granada.

Apróbanse por asentimento as primeiras edicións de cursos de especialista.

7. Renovación, se procede, dunha comisión de servizos no Departamento de Dereito público.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen pasa a expoñer o punto. Trátase da solicitude de renovación da súa actual comisión de servizos presentada pola profesora Inma Valeije Álvarez.

Apróbase por asentimento a comisión de servizos.

8. Aprobación, se procede, do plan de retención de talento para 2021.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, que pasa a expoñer as liñas do plan:

- 4 prazas (igual que o ano anterior)
- Finalización do contrato 1/12/2021 -31/12/2021
- Prazo de solicitudes: 1-15 xullo do 2021
- NOVIDADES:
- Investigadores principais das convocatorias de proxectos do Ministerio sobre Retos de Investigación, Generación de Conocimiento, que tiveran sido anteriormente posdoutorais de convocatorias de carácter competitivo.
- Como criterio de desempate: manéxase unha corrección da maior infrarrepresentación de xénero dunha área de coñecemento da Universidade de Vigo, dentro do profesorado con vinculación permanente.
- Apoio da mesa sindical : 12 votos a favor/2 abstencións.

Jose Manuel Cruz felicita ao equipo de goberno por ter presentado esta convocatoria, que xa comentou coa vicerreitora. Unha das cuestións comentadas é o requisito de que a convocatoria posdoutoral sexa de carácter competitivo, que entende debería perfilarse mellor. Asemade, fala da posibilidade de que haxa dous IPs con disparidade de currículos e pensa que deberían ter sido IP únicos ou, como alternativa, que se modifique o apartado 5 da convocatoria, dando prioridade aos IP únicos. No chat sinala o seguinte: "Ser ou ter sido persoal investigador a tempo completo da

Universidade de Vigo na modalidade Marie Curie Individual Fellowship, Jóvenes investigadores (JIN), investigadoras/es principais únicos das convocatorias de proxectos do Ministerio de Retos de Investigación ou Generación de Conocimiento que tiveran sido anteriormente posdoutorais de algunha das convocatorias de carácter competitivo indicadas neste apartado, Juan de la Cierva-Incorporación, ou modalidade B da Xunta de Galicia e que a data de finalización do seu contrato estea comprendida entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2021 (sen considerar as prórrogas consecuencia da pandemia do COVID-19), acumulando nese momento unha antigüidade mínima no posto de dous anos de forma continuada na Universidade de Vigo (agás interrupcións nos contratos directamente motivadas polas datas de resolución das convocatorias correspondentes)". Continúa dicindo que o apartado 5 da convocatoria sinala: "en caso de igualdade no criterio anterior, as solicitudes ordenaranse segundo o programa de contratación do que proveñan, establecéndose a seguinte prelación: Marie Curie Individual Fellowship, Jóvenes investigadores (JIN), Juan de la Cierva-Incorporación, I2C-modalidade B da Xunta de Galicia, investigadoras/es principais de proxectos das convocatorias do Ministerio Retos de Investigación o Generación de Conocimiento".

A vicerreitora pensa que a segunda cuestión reviste carácter técnico e que debería ir novamente á mesa sindical, aínda que habería tempo para iso, xa que non se debateu alí. O reitor da a súa opinión sobre a primeira cuestión e pide que, dada a súa pouca relevancia respecto da actual convocatoria, se acepte como está. Pensa que a segunda cuestión planteada por Cruz debe volver á mesa de negociación.

Rebeca Díaz pide que se lle aclare a cuestión sobre a duplicidade dos IPs, que pensa deben estar en posición de igualdade. Belén Rubio entende entón que ese asunto quedaría para o futuro e se tratará con maior profundidade, matizando en todo caso a súa interpretación do requisito. O reitor entende que, como saíu este asunto, ten dúbidas respecto da discriminación de ambos IPs e que este tema se pode discutir de cara ao ano seguinte, dado que non inflúe na presente convocatoria.

Marta Pazos expón que foi representante na Mesa e manifesta as súas dúbidas sobre a proposta de José Manuel Cruz, xustificando as razóns polas que se redactou así a norma, respondendo asemade a Rebeca Díaz. En todo caso, admite que se trata de unha cuestión técnica e está de acordo na modificación. José Manuel Cruz matiza a súa postura sobre a valoración do currículo dos IP e indica que é solo a efectos de mellorar a convocatoria.

Acórdase engadir a expresión no apartado 5: "programas de carácter competitivo *das indicadas neste apartado ou equivalentes*".

Apróbase por asentimento o plan de retención de talento para 2021.

9. Aprobación, se procede, da transformación do profesorado axudante doutor que remata contrato en profesorado contratado doutor interino.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que pasa a expoñer o punto, indicando que é unha transformación obrigatoria segundo a nosa normativa.

Apróbase por asentimento.

10. Nomeamento de Luis M. Liz Marzán como profesor honorífico da Universidade de Vigo.

O secretario xeral pide desculpas por un erro de transcripción no punto da orde do día, dado que onde di “profesor” debe dicir “investigador”. Aclarado o erro, o reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación que da lectura ao currículo de Luis Liz Marzán.

- Director Científico de CIC biomaGUNE (2013-2021)
- Co-autor de >500 artigos en revistas JCR e 20 capítulos en libros
- Co-inventor de 9 patentes (4 licenciadas)
- Investigador Principal de >60 proxectos de investigación y contratos con empresas (>10M€)
- >50.000 citas, índice H 119 (WOS)
- Highly Cited Researcher – Clarivate Analytics (2014–2020)
- 2 ERC Advanced Grants (2011–2017) & (2018–2024)
- Académico Electo da Real Academia de Ciencias de España
- Académico Correspondiente das Academias de Ciencias de Granada y de Galicia.

A proposta provén do Departamento de Química Física, e foi aprobada pola Comisión de Investigación o 17/06/21.

Aclara que pola súa banda este profesor nunca se desligou completamente da Universidade de Vigo e que é unha honra para nós que o acepte. O reitor pensa o mesmo e que somos nós os que debemos sentirnos honrados deste nomeamento e que haberá que tentar que volva, pola súa enorme calidade científica e humana. Lembra que formou parte de quipos de xestión de goberno da Universidade de Vigo. Pide o asentimento para a proposta.

Apróbase por asentimento o nomeamento de Luis M. Liz Marzán como INVESTIGADOR honorífico da Universidade de Vigo.

11. Aprobación, se procede, da modificación do artigo 8.2 do Regulamento de Rexistro Electrónico da UVigo

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen pasa a expoñer o cambio proposto, que conta coa aprobación por asentimento da Comisión de Administración Electrónica e que consiste unicamente en engadir a palabra “poderán” ao comezo do artigo, dando cumprimento as previsións do propio artigo 16.1 da Lei 39/2015 que obriga a rexistrar todas as entradas pero configura como potestativo rexistrar as saídas: *“Cada Administración dispondrá de un Registro Electrónico General, en el que se hará el correspondiente asiento de todo documento que sea presentado o que se reciba en cualquier órgano administrativo, Organismo público o Entidad vinculado o dependiente a éstos. También se podrán anotar en el mismo, la salida de los documentos oficiales dirigidos a otros órganos o particulares”*. A supresión desa obrigatoriedade fará máis áxiles os procedementos, resultará menos custoso (pois o custo vai en relación aos asentos oficiais feitos) e a posta en funcionamento da notificación electrónica non require asento de saída.

Apróbase por asentimento a modificación proposta.

12. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Educación e Traballo Social.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral que sinala que o Regulamento conta con todos os informes favorables e foi achegado xunto co resto da documentación á disposición, por tanto, dos membros do órgano.

Apróbase por asentimento o regulamento.

13. Aprobación, se procede, do Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación (AtlanTTic).

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, que indica o seguinte:

A Xunta esixe que AtlanTTic teña regulamento antes de final de ano. Ten avaliación favorable de Asesoría Xurídica e de Control Interno, e aprobación pola Comisión de investigación o 17-06-2021. En canto á estrutura do regulamento, que foi achegado xunto co resto da documentación, é a seguinte:

- Preámbulo
- Capítulo preliminar: disposicións xerais
- Capítulo I. Organización e gobernanza
- Capítulo II. Persoal do centro
- Capítulo III. Funcionamento
- Capítulo IV. Política de publicación e visibilización do centro
- Disposición final

Conclúe felicitando ao director do centro polo consenso acadado.

María Xosé Ríos Santomé comenta que se revise a perspectiva formal de xénero. A vicerreitora comprométese a elo.

Apróbase por asentimento o regulamento.

14. Elección dun representante na Comisión de Ordenación Académica e Profesorado (COAP): 1 PDI.

O reitor indica que se presentaron as seguintes candidaturas:

- Rebeca Pilar Díaz Redondo. Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

O reitor lembra que é un posto que, en principio, corresponde á oposición, por un pacto non escrito, pero que se cumpre. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado agradece o traballo previo de Iñigo Cuiñas na comisión.

Non é preciso celebrar eleccións, quedando elixida a persoa candidata.



15. Elección de representantes na Comisión de Estudos Propios: 1 estudante

O reitor indica que non se presentaron candidaturas, polo que non é precisa elección.

16. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico, 1 estudante do ámbito de Humanidades.

O reitor indica que non se presentaron candidaturas, polo que non é precisa elección.

17. Quenda de intervencións.

O reitor abre a quenda de intervencións.

Non habendo intervencións, remata a sesión ás 12:40 h do día 25 de xuño de 2021, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral